



Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central – MCCM		
Número expediente:	Documento:	
 GOB/2024/58	 GOB18I00R4	
1532 6M4E 611J 5F52 1AMW 2 1 5 3 2 6 M 4 E 6 1 1 J 5 F 5 2 1 AMW ; » 2 1 5 3 2 6 M 4 E 6 1 1 J 5 F 5 2 1 AMW ; »		

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA ONCE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E CATRO**SRES/AS ASISTENTES:****SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:**

D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ

SRES/AS CONCELLEIROS/AS:

TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO

TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN

TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR

TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA

TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN

TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE

SRA. INTERVENTORA XERAL:

D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MENDEZ

SR. SECRETARIO XERAL:

D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI

Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do once de julio de dos mil veinticuatro, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, Dª MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, O Secretario Xeral.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POR OVP CON MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS ANALOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA DO ANO 2024.-

(...)

PRIMEIRO: Aprobar o padrón de contribuintes das taxas por ocupación de vía pública por mesas, cadeiras, elementos análogos con finalidade lucrativa do ano 2024, cun total de **56** contribuintes e por importe de **43.586,62€**.

SEGUNDO: O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

TERCEIRO: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

CUARTO: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POLOS SERVIZOS PRESTADOS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO MES DE XULLO DE 2024.-

(.....)

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal das taxas polos servizos prestados nas Escolas Infantís Municipais, do mes de xullo de 2024, cun total de 196 contribuintes e por importe de 6.109,12 €.

Segundo: O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

Terceiro: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

Cuarto: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das

Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercer calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.